



CONCELLO
DE MORAÑA

BANDO

**D. JOSÉ LUIS GÓMEZ FONTENLA, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MORAÑA.**

FAI SABER:

Que o Instituto de Maiores e Servizos Sociais, convoca a concesión de prazas para pensionistas que desexen participar no **"PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL 2025"**.

O desenvolvemento do Programa efectuarase entre o período comprendido entre o mes de febreiro e o mes de decembro de 2026, cunha duración de 10 días cada un.

As **SOLICITUDES**, xunto coa **DOCUMENTACIÓN** correspondente, poderán presentalas nas oficinas municipais do Concello, antes das seguintes datas:

- Para as quendas dos **meses de febreiro a agosto: ATA O DÍA 04 DE DECEMBRO DE 2025.**
- Para as quendas dos **meses de setembro a decembro: ATA O DÍA 15 DE MAIO DE 2026.**

Poderán participar no programa de Termalismo, as persoas que reúnan algún dos seguintes **REQUISITOS**:

- a) Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social español.
- b) Ser pensionista de viuvez con 55 ou mais anos de idade do Sistema da Seguridade Social español.
- c) Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios por desemprego, con 60 ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- d) Ser persoa asegurada ou beneficiaria do Sistema da Seguridade Social español, con 65 ou máis anos de idade.

Para mais información poden dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello, nos días de atención ó público (luns, martes e xoves de 10 a 13 horas).

O que se fai público para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442
N.º de Rexistro de Entidade Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

